

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 28 DE XANEIRO DE 2021 NA FÁBRICA DE SEL DO CONCELLO DE MUROS

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)


D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

INTERVENTOR:

Fernando V. Abraldes Rois

SECRETARIA XERAL:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

D^a María Ofir Aboy García

No salón da fábrica de Sel do Concello de Muros, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria xeral do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, que dá as boas tardes a todas as persoas presentes.

A. Parte dispositiva

Primeiro. Aprobación das actas anteriores núm. 9 de sesión de pleno ordinario do 26 de novembro de 2020 e núm. 1 de sesión extraordinaria e urxente do 9 de xaneiro de 2021


A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto das actas anteriores que se presentan para que o Pleno as aproben. Non habendo ningunha observación, apróbanse as actas anteriores, a núm. 9 de sesión de pleno ordinario do 26 de novembro de 2020 e a núm. 1 de sesión extraordinaria e urxente do 9 de xaneiro de 2021, por unanimidade dos membros da corporación que asistiron as ditas sesións plenaria e a abstención dos que non estiveron presentes nas mesmas.

Segundo. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local con mesas e cadeiras

Intervén a Sra. alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, dicindo que o ano pasado xa eximiron aos locais do pagamento da taxa de terrazas, que é unha axuda que se lle pode dar aos locais de hostalería que tanto están sufrindo con esta situación e enmárcanas dentro das medidas que esperan sexan máis amplas, que todas as administracións apoian A este sector. A señora alcaldesa le o ditame da comisión informativa,

"DITAME:

Vista a Providencia desta Alcaldía pola que se propón a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Constando os informes emitidos pola Secretaría e Tesourería municipal sobre o procedemento a seguir e o contido da modificación da ordenanza fiscal, e pola Intervención municipal sobre os efectos no cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria (informe núm. 22/2021).

Á vista de todo o exposto, propónse ao Pleno da corporación que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da disposición transitoria primeira da ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local que ten o seguinte contido:

Disposición Transitoria Primeira.

Queda suspendida a aplicación da taxa por aproveitamento especial do dominio público local con mesas e cadeiras (artigo 6.4) ata o 31 de decembro de 2020.

Quedando modificada coa seguinte regulación:

Disposición Transitoria Primeira.

Queda suspendida a aplicación da taxa por aproveitamento especial do dominio público local con mesas e cadeiras (artigo 6.4) ata o 31 de decembro de 2021.


SEGUNDO. Someter esta modificación á información pública, nos termos previstos no artigo 17.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dando audiencia as persoas interesadas por un prazo de trinta días mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións, a modificación provisional quedará elevada a definitiva de forma automática sen necesidade de novo acordo.

CUARTO. O acordo de modificación definitiva, tácito ou expreso, publicarase no taboleiro de edictos do Concello, Portal de Transparencia e Boletín Oficial da Provincia".

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a Sra. Caridad González Cerviño, dicindo que na comisión informativa xa dixeron que ían votar a favor, que lles parece ben todo o que sexa botarlle unha man neste caso á hostalería.

Intervén a voceira do grupo municipal CxG, a Sra. María Xosé Alfonso, dicindo que eles o 28 de abril de 2020 fixeron por escrito e a través da sede electrónica unha serie de propostas e unha delas era precisamente a exención do pagamento por instalacións de terrazas durante o 2020. A situación por desgraza non é mellor, co cal van apoiar a proposta.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. María Lago Lestón, dicindo que a medida parécelles ben, urxente e necesaria. Que non tería lóxica cobrarlles cando non poden traballar, así que vana apoiar.

Volve a intervir a Sra. alcaldesa e di que o punto 2 e 3 do ditame di de someter a modificación á información pública, e de non someterse e de non haber reclamacións, quedaría elevada definitiva de forma automática.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación por unanimidade dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CXG (3) e grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local con mesas e cadeiras

Vista a Providencia desta Alcaldía pola que se propón a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Constando os informes emitidos pola Secretaría e Tesourería municipal sobre o procedemento a seguir e o contido da modificación da ordenanza fiscal, e pola Intervención municipal sobre os efectos no cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria (informe núm. 22/2021).

Á vista de todo o exposto, o Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da disposición transitoria primeira da ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local que ten o seguinte contido:

Disposición Transitoria Primeira.


Queda suspendida a aplicación da taxa por aproveitamento especial do dominio público local con mesas e cadeiras (artigo 6.4) ata o 31 de decembro de 2020.

Quedando modificada coa seguinte regulación:

Disposición Transitoria Primeira.

Queda suspendida a aplicación da taxa por aproveitamento especial do dominio público local con mesas e cadeiras (artigo 6.4) ata o 31 de decembro de 2021.

SEGUNDO. Someter esta modificación á información pública, nos termos previstos no artigo 17.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dando audiencia as persoas interesadas por un prazo de trinta días mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións, a modificación provisional quedará elevada a definitiva de forma automática sen necesidade de novo acordo.

CUARTO. O acordo de modificación definitiva, tácito ou expreso, publicarase no taboleiro de edictos do Concello, Portal de Transparencia e Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro. Aprobación inicial do expediente núm. 7-3/2021 TC de transferencia de crédito entre aplicacións de distintas áreas de gasto do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado para concesión de axudas a empresarios e autónomos obrigados a suspender a actividade como consecuencia do estado de alarma

Intervén a Sra. alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, que le o ditame da comisión informativa, o cal é do seguinte teor literal:


“DITAME:

Ditada Resolución núm. 1271/2020 de 30 de outubro polo que se acorda autorizar un gasto de 50.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 20/241.47000 do estado de gastos do Orzamento Municipal de 2015 - prorrogado no exercicio 2020, e próbase a convocatoria específica para a concesión de axudas, en réxime de concesión directa, dirixidas a traballadores/as do réxime especial de autónomos da Seguridade Social afectadas pola suspensión ou peche dos locais abertos ao público polo estado de alarma decretado polo Goberno e para o impulso da actividade económica no termo municipal co fin de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19 (BOP núm. 186/2020 do 04/11).

Ditada Resolución da Alcaldía núm. 1575/2020 do 29/12 polo que se aproba a prórroga automática interina no exercicio 2021 do Orzamento Municipal de 2015.

Considerando que durante o exercicio 2020 o expediente de concesión das axudas non acadou a fase de obriga recoñecida sendo de aplicación o establecido no artigo 92.1. do RD 500/1990, do 20 de abril, que comporta que os créditos para gasto que último día do exercicio non estean afectados ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, sen mais excepcións que as sinaladas no artigo 182 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e sempre que se cumpran os requisitos dos artigos 47 e 48 do citada RD 500/1900.

Considerando que de acordo cos datos obtidos do sistema de información contable, o saldo de crédito dispoñible no nivel de vinculación xurídica 21/2.4. é de 18.220,00 euros destinado a atender a asistencia a persoas con risco de exclusión social, polo que resulta imprescindible aprobar a correspondente modificación de crédito, mediante transferencia entre aplicacións incluídas nas áreas de gasto 1 “servizos públicos básicos”, 2 “actuacións de protección e promoción social” e 3 “producción de bens públicos de carácter preferente” con aplicación do réxime xurídico previsto nos artigos 40, 41 e 42 do RD 500/1990, do 20 de abril e nas Bases 9ª e 14ª das BEO/2015- prorrogadas, ca finalidade de atender a concesión das axudas previstas.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Considerando que dos estados de execución do vixente orzamento municipal, resulta acreditada a existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente nos niveis de vinculación xurídica 21/1.2.e 21/3.2. do estado de gastos e nas aplicacións 21/150.22710 e 21/336.22711, polo importe necesario para atender os gastos previstos, estimándose minorables por afectar proxectos rematados en exercicios anteriores.

Considerando que, aos efectos continuar na tramitación do procedemento de concesión das axudas autorizas para paliar o impacto que sobre a actividade económica e o emprego local produciu a declaración do estado de alarma para xestionar a crise derivada da pandemia provocada polo COVID-19, procede incoar expediente de transferencia de crédito entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gastos ao amparo do disposto no RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no RD 500/1990, do 20 de abril e nas Bases de Execución do Orzamento.

Considerando o establecido na Base 14^a das BEO/2015-prorrogadas, e visto o informe de Intervención núm. 23/2021 do 20/01.


Considerando que por afectar a modificación a partidas incluídas en distintas áreas de gasto, e de conformidade co disposto no artigo 40.3. do RD 500/1990, do 20 de abril, o Pleno da Corporación é o órgano competente para súa aprobación, previo ditame da Comisión Informativa, salvo os supostos de urxencia, quedando sometido as normas sobre información, reclamacións e publicación aplicables a aprobación do orzamento ao que se refiren os artigos 20 e 22 do citado Real decreto.

Visto o anterior, propónse ao Pleno da corporación que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente núm. 7-3/2021-TC de transferencias de créditos entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gasto de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Proxecto	Expresión	Incrementos	Minoracións
21/150.22710		Administración xeral da vivenda.		35.000,00
21/241.47000	2020/3/REACT/1	Fomento do emprego. Subvencións a empresas privadas	50.000,00	
21/336.22711		Xestión e protección do patrimonio histórico		15.000,00
		Total	50.000,00	50.000,00

SEGUNDO. Proceder a exposición ao público deste acordo provisional no BOP, na sede web do Concello de Muros, no portal da transparencia e no taboleiro de anuncios da Entidade durante un prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar a documentación posta a disposición e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado período non se



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas, contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público. As reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, se non se resolverán no acto de aprobación definitiva. A modificación, definitivamente aprobada, será inserida no BOP e resumida por capítulos con expresión dos créditos iniciais as modificacións e os créditos definitivos., entrando en vigor a partir da data da súa publicación.

TERCEIRO. Dar traslado a Tesourería e Intervención municipal, ao Negociado de Contabilidade”

Segue a súa intervención a alcaldesa que di que a convocatoria de axudas que sacaron o ano pasado quedou sen resolver pendente desta transferencia de crédito para a súa resolución, tamén aprobaron, inicialmente a concesión das axudas do PEL. Presentaron 143 solicitudes e déuselle a todo o mundo que cumpría os requisitos, que foron 103 nesta concesión provisional, á espera de se presenta algunha alegación.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a Sra. González, dicindo que na comisión informativa dixeron que estaban de acordo, que van votar a favor, pero cren que neste momento e como se está poñendo o panorama, vai quedar un pouco escasa esta axuda e, de feito, no momento que lles corresponda, traen dúas mocións para pedir que se amplíen esas axudas debido ás reunións que houbo esta semana entre as distintas institucións.


Intervén a voceira do grupo municipal CXG, a Sra. Alfonso, dicindo que é o mesmo que no caso anterior, que facían esta proposta o ano pasado en abril e que van votar a favor.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. Lago, e di que polo seu lado tamén están totalmente de acordo, que son precisamente as pequenas e medianas empresas quen peor o están pasando nesta época. Moitas delas dicíanlles esta mesma semana que de continuar así moito tempo vense abocadas ao peche e que menos que axudarlle en todo o que se poida. E aproveita tamén para pedir que axuden a facer forza e pedirlle tamén a Xunta que invista todo canto poida en rescatar a estes pequenos empresarios que en verdade son os que sosteñen a economía do noso país.

Volve intervir a Sra. alcaldesa que di que todos temos que botar a man e que é importante resolver esta axuda para abonarlle canto antes, o que non quita que se sumen a esa proposta que se está negociando entre as administracións para sacar un fondo conxunto, no seu momento, cando teñan a proposta firme xa verán. Pensa que é importante resolver isto canto antes, para poder dar algo de liquidez a esta xente.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación por unanimidade dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CXG (3) e grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

Aprobación inicial do expediente núm. 7-3/2021 TC de transferencia de crédito entre aplicacións de distintas áreas de gasto do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado para concesión de axudas a empresarios e autónomos obrigados a suspender a actividade como consecuencia do estado de Alarma



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Ditada Resolución núm. 1271/2020 de 30 de outubro polo que se acorda autorizar un gasto de 50.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 20/241.47000 do estado de gastos do Orzamento Municipal de 2015 - prorrogado no exercicio 2020, e próbase a convocatoria específica para a concesión de axudas, en réxime de concesión directa, dirixidas a traballadores/as do réxime especial de autónomos da Seguridade Social afectadas pola suspensión ou peche dos locais abertos ao público polo estado de alarma decretado polo Goberno e para o impulso da actividade económica no termo municipal co fin de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19 (BOP núm. 186/2020 do 04/11).

Ditada Resolución da Alcaldía núm. 1575/2020 do 29/12 polo que se aproba a prórroga automática interina no exercicio 2021 do Orzamento Municipal de 2015.


Considerando que durante o exercicio 2020 o expediente de concesión das axudas non acadou a fase de obriga recoñecida sendo de aplicación o establecido no artigo 92.1. do RD 500/1990, do 20 de abril, que comporta que os créditos para gasto que último día do exercicio non estean afectados ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, sen mais excepcións que as sinaladas no artigo 182 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e sempre que se cumpran os requisitos dos artigos 47 e 48 do citada RD 500/1900.

Considerando que de acordo cos datos obtidos do sistema de información contable, o saldo de crédito dispoñible no nivel de vinculación xurídica 21/2.4. é de 18.220,00 euros destinado a atender a asistencias a persoas con risco de exclusión social, polo que resulta imprescindible aprobar a correspondente modificación de crédito, mediante transferencia entre aplicacións incluídas nas áreas de gasto 1 "servizos públicos básicos", 2 "actuacións de protección e promoción social" e 3 "producción de bens públicos de carácter preferente" con aplicación do réxime xurídico previsto nos artigos 40, 41 e 42 do RD 500/1990, do 20 de abril e nas Bases 9ª e 14ª das BEO/2015- prorrogadas, ca finalidade de atender a concesión das axudas previstas.

Considerando que dos estados de execución do vixente orzamento municipal, resulta acreditada a existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente nos niveis de vinculación xurídica 21/1.2.e 21/3.2. do estado de gastos e nas aplicacións 21/150.22710 e 21/336.22711, polo importe necesario para atender os gastos previstos, estimándose minorables por afectar proxectos rematados en exercicios anteriores.

Considerando que, aos efectos continuar na tramitación do procedemento de concesión das axudas autorizas para paliar o impacto que sobre a actividade económica e o emprego local produciu a declaración do estado de alarma para xestionar a crise derivada da pandemia provocada polo COVID-19, procede incoar expediente de transferencia de crédito entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gastos ao amparo do disposto no RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no RD 500/1990, do 20 de abril e nas Bases de Execución do Orzamento,

Considerando o establecido na Base 14ª das BEO/2015-prorrogadas, e visto o Informe de Intervención núm. 23/2021 do 20/01.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Considerando que por afectar a modificación a partidas incluídas en distintas áreas de gasto, e de conformidade co disposto no artigo 40.3. do RD 500/1990, do 20 de abril, o Pleno da Corporación é o órgano competente para súa aprobación, previo ditame da Comisión Informativa, salvo os supostos de urxencia, quedando sometido as normas sobre información, reclamacións e publicación aplicables a aprobación do orzamento ao que se refiren os artigos 20 e 22 do citado Real decreto.

Visto o anterior, o Pleno da corporación adopta os seguintes acordos:


PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente núm. 7-3/2021-TC de transferencias de créditos entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gasto de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Proxecto	Expresión	Incrementos	Minoracións
21/150.22710		Administración xeral da vivenda.		35.000,00
21/241.47000	2020/3/REACT/1	Fomento do emprego. Subvencións a empresas privadas	50.000,00	
21/336.22711		Xestión e protección do patrimonio histórico		15.000,00
		Total	50.000,00	50.000,00

SEGUNDO. Proceder a exposición ao público deste acordo provisional no BOP, na sede web do Concello de Muros, no portal da transparencia e no taboleiro de anuncios da Entidade durante un prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar a documentación posta a disposición e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado período non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas, contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público. As reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, se non se resolverán no acto de aprobación definitiva. A modificación, definitivamente aprobada, será inserida no BOP e resumida por capítulos con expresión dos créditos iniciais as modificacións e os créditos definitivos., entrando en vigor a partir da data da súa publicación.

TERCEIRO. Dar traslado a Tesourería e Intervención municipal, ao Negociado de Contabilidade.

Cuarto. Moción do grupo municipal do BNG sobre a aplicación no concello de Muros da Lei 52/2007 de 26 de decembro pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen sufriron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura, coñecida popularmente como Lei de memoria histórica



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

A voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. Lago, le primeiro a moción ditaminada pola comisión informativa que é do seguinte teor literal:

“DITAME:


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2019 a Dirección Xeral de Memoria Histórica, dependente do Ministerio de Xustiza, facía público que en Galiza aínda quedaban sobre 30 símbolos franquistas en 15 concellos. Quedouse un pouco curto porque Galiza é sitio distinto e contabilízanse máis de 600 símbolos franquistas en preto de 90 concellos. O Concello de Muros inclúese dentro deses 90, xa que aínda existe unha rúa, a rúa do Pardal, dedicada a un cargo franquista, “o capitán Pardal”. O réxime franquista promoveu a modificación do rúeiro dos concellos para asignarlles ás rúas os nomes de líderes de sublevación militar ou cargos da ditadura franquista, como neste caso do Capitán Pardal. Segundo recolle Xesús Costa Rodil no seu libro “Do Sar a Monte Louro. Memorial da Represión 1936 – 1950” o capitán coruñés Pardal ou Constantino Gómez Pardal, tamén coñecido como o capitán “Centellas” era un capitán requeté que ostentaba o cargo de capitán de Cabalería e que tiña ao seu cargo o campo de concentración de Anido.

Somos moitas as persoas que descoñecemos que no noso concello houbo dous campos de concentración franquistas e que aínda a día de hoxe hai unha rúa dedicada a un alto cargo franquista. Sabemos que é un dato descoñecido polo goberno municipal e por iso temos a honra de darlo. Tamén aproveitamos para recordarlle iso que tanto promulga o PP pero que lle dá tato traballo cumprir, “Además de cumplir la Ley, ha que ser éticos y estéticos...”, o artigo 15 da Lei de memoria histórica recolle que serán as administración públicas as encargadas de tomar as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión fascista de Franco.

De pouco nos vale que nas escolas se ensinen os conflitos mundiais cando se obvian épocas e accións que temos diante dos nosos ollos. Descoñecemos que dos once campos de concentración que o réxime franquista instaurou en Galicia, dous estiveron en Muros. Polo que reclamámoslle ao goberno municipal que cumpra a lei e elimine o nome da rúa dedicada ao capitán franquista Pardal, situada no lugar de Baño (Serres), e que esa rúa pase a ter unha denominación adaptada a Lei de memoria histórica. Ademais, dende o BNG propoñemos que tanto no lugar de Anido como en Vieta se instalen unhas placas conmemorativas que se faga constar que “neste lugar existiu un campo de concentración do réxime franquista entre 1937 e 1938”.

As vítimas desa persecución, iniciada no ano 1936, aínda teñen a día de hoxe pendente a reparación do dano causado e a súa dignificación. Foron máis de 80 persoas represaliadas no concello de Muros.




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Para o BNG é fundamental que todas as formacións políticas con representación neste salón de plenos expresen a súa condena á represión aplicada pola ditadura franquista neste concello, así como o apoio a todas as vítimas da mesma na localidade. Para iso, temos a seguridade de que ningunha forza democrática vai ter problema en dondenar feitos deste tipo e por iso confiamos no apoio unánime de toda a corporación a nosa moción.

Recordamos antes a todas as persoas represaliadas pola ditadura fascista de Franco que se recollen no proxecto interuniversitario "Nomes e Voces" pertencentes ao noso concello:


Fagamos memorial:

<i>Manuel</i>	<i>Lago Ramos</i>		<i>Prisión</i>
<i>José</i>	<i>Fernández Santiago</i>	<i>Virxe do Camiño</i>	<i>Execución</i>
<i>Ramón</i>	<i>Fernández Fernández</i>	<i>Baño</i>	<i>Execución</i>
<i>Jesús</i>	<i>Fernández Lestón</i>	<i>Serres</i>	<i>Paseo</i>
<i>Carmen Libertad</i>	<i>Alonso Puente</i>	<i>Esteiro</i>	<i>Outras tipoloxías represivas</i>
<i>María</i>	<i>Membiela Rodríguez</i>	<i>Baño</i>	<i>Sanción</i>
<i>Nicasio</i>	<i>Saura Salgado</i>	<i>Baño-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Ángel</i>	<i>Fernández Rama</i>	<i>Abelleira-Muros</i>	<i>Prisión</i>
<i>Marcelino</i>	<i>Quintela Noya</i>	<i>Muros</i>	<i>Prisión</i>
<i>Juan</i>	<i>Caamaño Rama</i>	<i>Maio-Esteiro</i>	<i>Proceso</i>
<i>Francisco</i>	<i>Rodríguez Rodríguez</i>	<i>Esteiro-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Casiano Domingo</i>	<i>Tobío Creo</i>	<i>Esteiro-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Inocencio Belarmino</i>	<i>Núñez Figueiras</i>	<i>Tras da Costa</i>	<i>Proceso</i>
<i>Joaquín</i>	<i>Caamaño García</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Andrés</i>	<i>Aneiros Sardiña</i>	<i>Esteiro-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>José</i>	<i>Fernández Lestón</i>	<i>Baño-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Juan</i>	<i>Martínez Obelleira</i>	<i>Serres-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Victorio</i>	<i>Lage Fernández</i>	<i>Tal</i>	<i>Proceso</i>
<i>Eliseo</i>	<i>Fernández Freire</i>	<i>Solleiros-Esteiro</i>	<i>Proceso</i>
<i>Juan</i>	<i>Saborido Riveiro</i>	<i>Creo-Esteiro</i>	<i>Proceso</i>
<i>Ramón Antonio</i>	<i>Lago Cantariño</i>	<i>Abelleira</i>	<i>Proceso</i>




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

<i>Eliseo</i>	<i>Martínez Tajés</i>	<i>Serres</i>	<i>Proceso</i>
<i>Maximino</i>	<i>Rodríguez Lago</i>	<i>Abelleira</i>	<i>Proceso</i>
<i>Peregrino</i>	<i>Lestón González</i>	<i>Baño</i>	<i>Prisión</i>
<i>Juan</i>	<i>Martínez Vidal</i>	<i>Serres</i>	<i>Prisión</i>
<i>Manuel</i>	<i>Luces Tubío</i>	<i>Muros</i>	<i>Prisión</i>
<i>Francisco M.</i>	<i>Abeijón Brea</i>	<i>Esteiro-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>José Antonio María</i>	<i>Mouriño Arias</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>José</i>	<i>Romero Fernández</i>	<i>Tal</i>	<i>Proceso</i>
<i>Eduardo</i>	<i>Sestayo Lago</i>	<i>Serres</i>	<i>Prisión</i>
<i>Manuel</i>	<i>Caamaño Búa</i>	<i>Serres-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Ramón</i>	<i>París Sande</i>	<i>Bornalle- Abelleira</i>	<i>Proceso</i>
<i>Manuel</i>	<i>Varela Gudín</i>	<i>Muros</i>	<i>Prisión</i>
<i>José</i>	<i>Formoso Louro</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>José Ventura</i>	<i>Tobío Olveira</i>	<i>Esteiro-Muros</i>	<i>Prisión</i>
<i>Ramón</i>	<i>Lestón Mayo</i>	<i>Abelleira-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>José</i>	<i>Beiro Vázquez</i>	<i>Serres-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Antonio</i>	<i>Caamaño Uhía</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Manuel</i>	<i>García Lestón</i>	<i>Baño-Muros</i>	<i>Prisión</i>
<i>Félix</i>	<i>García Lado</i>	<i>Baño-Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Francisco</i>	<i>Lago Rodríguez</i>	<i>Muros</i>	<i>Prisión</i>
<i>Antonio</i>	<i>Riomaio Lago</i>	<i>Tal-Muros</i>	<i>Prisión</i>
<i>Manuel</i>	<i>Mayo Fernández</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Manuel</i>	<i>Blanco San Luís</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Eduardo</i>	<i>Pérez Martínez</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Manuel</i>	<i>Pérez Antelo</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Miguel</i>	<i>Vázquez Valiño</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>José</i>	<i>Cruz Martínez</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Luís</i>	<i>Moares Martínez</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

<i>Manuel</i>	<i>Fernández Louro</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Rogelio</i>	<i>Belso N.</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Germán</i>	<i>Martínez Figueira</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Manuel</i>	<i>Rivas Tuñas</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Manuel</i>	<i>Romero N.</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Francisco</i>	<i>Pérez García</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>José</i>	<i>Veloso Mallo</i>	<i>Esteiro</i>	<i>Prisión</i>
<i>José</i>	<i>Tobío Mayo</i>		<i>Proceso</i>
<i>José</i>	<i>Sendón Sendón</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Manuel</i>	<i>Ramos</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Adelino</i>	<i>Freire Pedrosa</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Concepción</i>	<i>Figueiras Lago</i>	<i>Espiñaredo</i>	<i>Detención</i>
<i>José Luís</i>	<i>Figueiras Lago</i>	<i>Espiñaredo</i>	<i>Detención</i>
<i>Francisco Horacio</i>	<i>Rodríguez Suárez</i>	<i>Serres</i>	<i>Prisión</i>
<i>Lino</i>	<i>Tieles Blanco</i>	<i>Serres</i>	<i>Prisión</i>
<i>Juan</i>	<i>Málvarez Pérez</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Manuel</i>	<i>Tobío Romaní</i>	<i>Muros</i>	<i>Proceso</i>
<i>Pedro</i>	<i>Priegue Priegue</i>	<i>Torea</i>	<i>Paseo</i>
<i>Carlos</i>	<i>Mingote Eguigaray</i>		<i>Prisión</i>
<i>Carlos</i>	<i>Iglesias Castro</i>		<i>Prisión</i>
<i>Florentino</i>	<i>del Río López De Ipiña</i>		<i>Prisión</i>
<i>Ramón</i>	<i>Tajes Lago</i>		<i>Execución fóra de Galicia</i>
<i>Elvira</i>	<i>Tajes Santiago</i>	<i>Espiñaredo</i>	<i>Detención</i>
<i>Vítor Roberto</i>	<i>Pena González</i>	<i>Monte Louro</i>	<i>Detención</i>
<i>José</i>	<i>Lestón Moledo</i>	<i>Abelleira</i>	<i>Proceso</i>
<i>Alfonso</i>	<i>Figueiras Barreiro</i>		<i>Detención</i>
<i>Antonio</i>	<i>Penela Fernández</i>	<i>Badernado</i>	<i>Detención</i>
<i>Pedro</i>	<i>García Fernández</i>		<i>Prisión</i>
<i>Isidro</i>	<i>Caramés Tajes</i>		<i>Prisión</i>



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Ricardo	Sánchez Ortega		Prisión
Ramón	Pereira Barreiro	Esteiro	Prisión
Eduardo	Puente García	Esteiro	Prisión
Manuel	Caamaño Fernández	Esteiro	Execución fóra de Galicia
Joaquín	León Figueroa		Prisión

Proponse ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1. Condenar á represión aplicada pola ditadura franquista neste concello, así como o apoio a todas as vítimas da mesma localidade.*
- 2. Eliminar o nome da rúa dedicada ao capitán franquista Pardal, situada no lugar de Baño (Serres), rúa do Pardal, e que esa rúa pase a ter unha denominación adaptada a Lei de memoria histórica.*
- 3. Instalar tanto no lugar de Anido como en Vieta unhas placas conmemorativas nas que se fagan constar que “neste lugar existiu un campo de concentración do réxime franquista entre 1937 e 1938”.*


A voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. Lago, na súa exposición da moción ditaminada destaca que son os nomes que se recollen no proxecto “Nomes e Voces” e que hai máis, igual que hai aínda moitos corpos enterrados nas cunetas e que non se devolveron ás súas familias.

Di que entenden que a figura do Capitán Pardal pode dar lugar á controversia para algunhas persoas porque parece ser que non matou, di que hai un montón de xente que non matou e non teñen rúas, se de verdade hai quen cre que é unha figura digna de mención ao estilo “o Schindler” das películas de Spielberg, (o Schindler alemán refírese), pola súa parte, estarían encantados de que se fixese unha investigación en condicións e, se é así, darlle entón o recoñecemento que se mereza, pero polo de agora, cren que o simple feito de non ser todo o malo que podía ser, non o fai merecente dunha rúa.

Intervén a Sra. alcaldesa e di que antes de pasar á deliberación da moción, eles presentan unha emenda de modificación do punto dous.

A proposta que presentan é cambiar o punto segundo desta moción, e en vez de eliminar o nome da rúa, porque non poden deixar unha rúa sen nome, o que propoñen é a creación unha comisión na que estean representados todos os grupos políticos da corporación e que conten co asesoramento da Comisión de Toponimia da Xunta, para a revisión do nomenclátor das rúas de Muros, aos efectos de comprobar a súa adecuación á Lei de memoria histórica e elaborar a proposta de modificación de selo caso.

Entenden que esta proposta pode ser perfectamente aceptada por todos os grupos e máis despois da súa intervención (refírese a Sra. Lago) e xustificana por unha parte polo propio informe da Secretaría que di que



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

a rúa non pode quedar sen nome, e por outra parte, porque o nomenclátor destas rúas, particularmente desta, foi aprobado por unanimidade na corporación no ano 1999, cambiando naquel momento varias denominacións de rúas e prazas, pois como a praza do Generalísimo Franco, sen que naquel momento se suscitara ningunha controversia arredor da denominación Camiño do Pardal, nin sequera polos concelleiros do BNG, que, eles poden ser ignorantes (dirixese a Sra. Lago), pero entende que eles non, que sempre souberon o que pasaba aí. E polo demais, coinciden plenamente na condena á represión aplicada pola ditadura franquista no apoio ás vítimas e que non esquezamos a existencia de campos de concentración en Anido e Vieta, que por certo, tamén son nomes de persoas.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a Sra. González. Ela di que non teñen inconveniente en que se cambie o punto núm. 2 e ademais eles tamén dixeron na comisión informativa que lles gustaría que antes de tomar esa decisión se lles preguntara á veciñanza. Di que seguirá coa súa intervención cando lles toque a quenda para falar sobre a moción, e que sobre o punto núm. 2, á da proposta do grupo municipal popular, non teñen inconveniente.

Intervén a voceira do grupo municipal CXG, a Sra. Alfonso, di que son conscientes de que pode xerar controversia o nome que ten na actualidade e parécelles ben a emenda que propón o grupo municipal popular.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. Lago, dicindo que en canto á parte técnica que comentou que a rúa non pode quedar sen nome e é certo como xa dixeron que eles non traían unha proposta, que propuxeron na comisión consensual, parécelles ben aceptar a emenda sen problema, que pode dar pé a facer unha boa revisión do resto dos nomes das rúas. Así que sen problema aceptan a emenda.

Pregunta a Sra. González se se cambia o punto núm. 2 polo da emenda. A Sra. alcaldesa contesta que si.


A secretaria le a emenda introducida polo grupo municipal popular que é do seguinte teor literal:

"2. Creación dunha comisión, na que estean representados todos os grupos políticos da corporación, e que conte co asesoramento da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, para a revisión do nomenclátor das rúas de Muros, aos efectos de comprobar a súa adecuación á Lei de memoria histórica, e elaborar a proposta de modificación de selo caso."

Vótase a inclusión da emenda por unanimidade dos membros do pleno cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CXG (3) e grupo municipal do BNG (2).

Os/as concelleiros/as da corporación proceden a debater a moción coa inclusión da emenda do grupo municipal popular.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a Sra. González, di que eles, como non podía ser doutra maneira, son os primeiros en querer cumprir a Lei de memoria histórica, porque é unha lei que aprobou o




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

partido socialista, e tamén o punto no que fala da condena á represión franquista e a axuda e o apoio aos represaliados, di que si os apoian. E agora que queda modificado o punto núm. 2 e que non se vai sacar o nome así, que lles parece unha cousa moi apurada, sen falar con ninguén, que xa o dixeron na comisión informativa, porque eles, despois de ver a moción do BNG, estiveron facendo investigación entre a veciñanza maior de 80 anos de Baño, que aínda os hai, de Baño e Boa Vista. Estiveron preguntando e lendo para ver se era verdade todo ese traballo que se fixo, porque cando se fai un traballo depende as fontes de onde se beba e así acaba feito o traballo. Di que tamén depende da inclinación que se teña cara a un lado ou cara ao outro para acudir a determinadas fontes. Ela non di que o traballo estea mal, nin é ela quen para dicilo, pero eles din, que esas persoas maiores dinlles que ese “Camiño do Pardal”, que non é “Capitán Pardal”, que non o puxo o Concello, que foi por proposta da veciñanza, di que lle dixo un señor de 89 anos “que foi unha proposta deles porque é verdade que a estrada se fixo cos presos, pero o Capitán Pardal traballou con todos e era o que dirxía, e grazas a el se fixo o camiño. Foi o que foi a falar ao Concello e tiña a toda a veciñanza moi contenta e de feito, eles mirando na biblioteca do concello, na historia de Muros, na de Ramón de Artaza, consultando varias fontes viron que cando chegaba aquí un preso á vila de Muros, todo o mundo buscaba unha influencia para que ese preso fora para a Anido e non para a fábrica de Rego, que fora para aí porque estaba Pardal, e Pardal era unha persoa, conta o que lle contaron e o que leu, que se relacionaba coa veciñanza de Muros, que era o capitán e encargado diso, pero tamén era certo que a xente que estivo na Anido gozaba dunha semiliberdade porque os deixaba saír, foi unha persoa que tivo que cumprir coa súa obrigaición pero que se se fai unha comisión verán que a xente estalle moi agradecida. Di que a xente que eles lles consultaron non está moi de acordo con que se lle cambie o nome a esa rúa, porque din que o decidiron entre todos, que non foi unha imposición.

A voceira do grupo municipal CXG, a Sra. Alfonso, di que lles parece que coa emenda engadida polo Partido Popular e os dous puntos que tiña xa o BNG, queda unha moción moi interesante que condena a represión, a cal se suman, que promoverá que se lembren que houbo dous campos de concentración, que tamén é importante, e que farán que se revise a nomenclatura de todas as rúas e lugares do concello de Muros. Que non van engadir máis nada, que está bastante comentado, e que o que chegou a portavoz do grupo socialista, eles tamén comprobaron que o sentimento dos do rueiro, da xente de por alí vai por esa liña, entón que mellor así tal cal estaba antes. Que aceptan a moción.

Intervén a voceira do grupo municipal BNG, a Sra. Lago, dicindo que primeiro unha persoa de 89 anos tiña 5 anos cando estivo o campo da Anido. E unha persoa de 5 anos non se pode facer unha idea moi clara do que está a acontecer ao seu redor, dio simplemente por puntualizar, e xa o comentou na comisión, que o problema de que pasase tanto tempo é que as persoas que eran adultas mentres estaba o campo, xa non están para preguntarlle a súa opinión, é o que ten deixar pasar tanto tempo entre o que aconteceu e o día de hoxe. Di que acaban de quedar un pouco sorprendidas con ese *branqueamento* da represión franquista, pero non se queren meter tampouco en moita fondura, porque cren que non é o momento máis indicado.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a Sra. alcaldesa dicindo que terán oportunidade nesa comisión de valorar se a denominación é unha exaltación da sublevación que é a que prohibe a lei e, de paso, revisar se quedase algunha denominación que poida ser susceptible de suprimir.

Pide a palabra a portavoz do grupo socialista para preguntar á representante do BNG se o que fixo o traballo ten 180 anos.

Responde a Sra. Lago que é un traballo que foi feito dende a Comisión de Historia da Universidade de Santiago de Compostela en colaboración con bastantes máis persoas, que foi feito cando había máis persoas vivas, porque xa ten uns anos. Contesta que fai 180 anos non pasara.

A Sra. alcaldesa chama a orde da quenda de palabra. Continúa dicindo que terán ocasión nesa comisión de debater se a denominación cumpre ou non coa lei.


Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación por unanimidade dos seus membros cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CXG (3) e grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

Moción do grupo municipal do BNG sobre a aplicación no concello de Muros da Lei 52/2007 de 26 de decembro pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen sufriron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura, coñecida popularmente como Lei de memoria histórica

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2019 a Dirección Xeral de Memoria Histórica, dependente do Ministerio de Xustiza, facía público que en Galiza aínda quedaban sobre 30 símbolos franquistas en 15 concellos. Quedouse un pouco curto porque Galiza é sitio distinto e contabilízanse máis de 600 símbolos franquistas en preto de 90 concellos. O Concello de Muros inclúese dentro deses 90, xa que aínda existe unha rúa, a rúa do Pardal, dedicada a un cargo franquista, “o Capitán Pardal”. O réxime franquista promoveu a modificación do rúeiro dos concellos para asignarlles ás rúas os nomes de líderes de sublevación militar ou cargos da ditadura franquista, como neste caso do Capitán Pardal. Segundo recolle Xesús Costa Rodil no seu libro “Do Sar a Monte Louro. Memorial da Represión 1936 – 1950” o capitán coruñés Pardal ou Constantino Gómez Pardal, tamén coñecido como o capitán “Centellas” era un capitán requeté que ostentaba o cargo de capitán de Cabalería e que tiña ao seu cargo o campo de concentración de Anido.

Somos moitas as persoas que descoñecemos que no noso concello houbo dous campos de concentración franquistas e que aínda a día de hoxe hai unha rúa dedicada a un alto cargo franquista. Sabemos que é un dato descoñecido polo goberno municipal e por iso temos a honra de darllo. Tamén aproveitamos para recordarlle iso que tanto promulga o PP pero que lle dá tato traballo cumprir, “*Además de cumplir la Ley, ha que ser éticos y estéticos...*”, o artigo 15 da Lei de memoria histórica recolle que serán as administracións



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

públicas as encargadas de tomar as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión fascista de Franco.

De pouco nos vale que nas escolas se ensinen os conflitos mundiais cando se obvian épocas e accións que temos diante dos nosos ollos. Descoñecemos que dos once campos de concentración que o réxime franquista instaurou en Galicia, dous estiveron en Muros. Polo que reclamámoslle ao goberno municipal que cumpra a lei e elimine o nome da rúa dedicada ao capitán franquista Pardal, situada no lugar de Baño (Serres), e que esa rúa pase a ter unha denominación adaptada a Lei de memoria histórica. Ademais, dende o BNG propoñemos que tanto no lugar de Anido como en Vieta se instalen unhas placas conmemorativas nas que se fagan constar que “neste lugar existiu un campo de concentración do réxime franquista entre 1937 e 1938”.


As vítimas desa persecución, iniciada no ano 1936, aínda teñen a día de hoxe pendente a reparación do dano causado e a súa dignificación. Foron máis de 80 persoas represaliadas no concello de Muros.

Para o BNG é fundamental que todas as formacións políticas con representación neste salón de plenos expresen a súa condena á represión aplicada pola ditadura franquista neste concello, así como o apoio a todas as vítimas da mesma na localidade. Para iso, temos a seguridade de que ningunha forza democrática vai ter problema en condenar feitos deste tipo e por iso confiamos no apoio unánime de toda a corporación a nosa moción.

Recordamos antes a todas as persoas represaliadas pola ditadura fascista de Franco que se recollen no proxecto interuniversitario “Nomes e Voces” pertencentes ao noso concello:


Fagamos memorial

Manuel	Lago Ramos		Prisión
José	Fernández Santiago	Virxe do Camiño	Execución
Ramón	Fernández Fernández	Baño	Execución
Jesús	Fernández Lestón	Serres	Paseo
Carmen Libertad	Alonso Puente	Esteiro	Outras tipoloxías represivas
María	Membuela Rodríguez	Baño	Sanción
Nicasio	Saura Salgado	Baño-Muros	Proceso
Ángel	Fernández Rama	Abelleira-Muros	Prisión
Marcelino	Quintela Noya	Muros	Prisión




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Juan	Caamaño Rama	Maio-Esteiro	Proceso
Francisco	Rodríguez Rodríguez	Esteiro-Muros	Proceso
Casiano Domingo	Tobío Creo	Esteiro-Muros	Proceso
Inocencio Belarmino	Núñez Figueiras	Tras da Costa	Proceso
Joaquín	Caamaño García	Muros	Proceso
Andrés	Aneiros Sardiña	Esteiro-Muros	Proceso
José	Fernández Lestón	Baño-Muros	Proceso
Juan	Martínez Obelleira	Serres-Muros	Proceso
Victorio	Lage Fernández	Tal	Proceso
Eliseo	Fernández Freire	Solleiros-Esteiro	Proceso
Juan	Saborido Riveiro	Creo-Esteiro	Proceso
Ramón Antonio	Lago Cantariño	Abelleira	Proceso
Eliseo	Martínez Tajés	Serres	Proceso
Maximino	Rodríguez Lago	Abelleira	Proceso
Peregrino	Lestón González	Baño	Prisión
Juan	Martínez Vidal	Serres	Prisión
Manuel	Luces Tubío	Muros	Prisión
Francisco M.	Abeijón Brea	Esteiro-Muros	Proceso
José Antonio María	Mouriño Arias	Muros	Proceso
José	Romero Fernández	Tal	Proceso
Eduardo	Sestayo Lago	Serres	Prisión
Manuel	Caamaño Búa	Serres-Muros	Proceso
Ramón	París Sande	Bornalle-Abelleira	Proceso
Manuel	Varela Gudín	Muros	Prisión
José	Formoso Louro	Muros	Proceso
José Ventura	Tobío Oliveira	Esteiro-Muros	Prisión
Ramón	Lestón Mayo	Abelleira-Muros	Proceso
José	Beiro Vázquez	Serres-Muros	Proceso
Antonio	Caamaño Uhía	Muros	Proceso



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Manuel	García Lestón	Baño-Muros	Prisión
Félix	García Lado	Baño-Muros	Proceso
Francisco	Lago Rodríguez	Muros	Prisión
Antonio	Riomaso Lago	Tal-Muros	Prisión
Manuel	Mayo Fernández	Muros	Proceso
Manuel	Blanco SanLuís	Muros	Proceso
Eduardo	Pérez Martínez	Muros	Proceso
Manuel	Pérez Antelo	Muros	Proceso
Miguel	Vázquez Valiño	Muros	Proceso
José	Cruz Martínez	Muros	Proceso
Luís	Moares Martínez	Muros	Proceso
Manuel	Fernández Louro	Muros	Proceso
Rogelio	Belso N.	Muros	Proceso
Germán	Martínez Figueira	Muros	Proceso
Manuel	Rivas Tuñas	Muros	Proceso
Manuel	Romero N.	Muros	Proceso
Francisco	Pérez García	Muros	Proceso
José	Veloso Mallo	Esteiro	Prisión
José	Tobío Mayo		Proceso
José	Sendón Sendón	Muros	Proceso
Manuel	Ramos	Muros	Proceso
Adelino	Freire Pedrosa	Muros	Proceso
Concepción	Figueiras Lago	Espiñaredo	Detención
José Luís	Figueiras Lago	Espiñaredo	Detención
Francisco Horacio	Rodríguez Suárez	Serres	Prisión
Lino	Tieles Blanco	Serres	Prisión
Juan	Málvarez Pérez	Muros	Proceso
Manuel	Tobío Romaní	Muros	Proceso
Pedro	Priegue Priegue	Torea	Paseo



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


Carlos	Mingote Eguigaray		Prisión
Carlos	Iglesias Castro		Prisión
Florentino	Del Río López De Ipiña		Prisión
Ramón	Tajes Lago		Execución fóra de Galicia
Elvira	Tajes Santiago	Espiñaredo	Detención
Vítor Roberto	Pena González	Monte Louro	Detención
José	Lestón Moledo	Abelleira	Proceso
Alfonso	Figueiras Barreiro		Detención
Antonio	Penela Fernández	Badernado	Detención
Pedro	García Fernández		Prisión
Isidro	Caramés Tajes		Prisión
Ricardo	Sánchez Ortega		Prisión
Ramón	Pereira Barreiro	Esteiro	Prisión
Eduardo	Puente García	Esteiro	Prisión
Manuel	Caamaño Fernández	Esteiro	Execución fóra de Galicia
Joaquín	León Figueroa		Prisión

O Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

1. Condenar á represión aplicada pola ditadura franquista neste concello, así como o apoio a todas as vítimas da mesma localidade.
2. Creación dunha comisión, na que estean representados todos os grupos políticos da corporación, e que conte co asesoramento da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, para a revisión do nomenclátor das rúas de Muros, aos efectos de comprobar a súa adecuación á Lei de memoria histórica, e elaborar a proposta de modificación de selo caso.
3. Instalar tanto no lugar de Anido como en Vieta unhas placas conmemorativas nas que se fagan constar que "Neste lugar existiu un campo de concentración do réxime franquista entre 1937 e 1938".

B. Mocións de urxencia

Mocións de urxencia presentadas polo grupo municipal socialista:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

A señora alcaldesa dá a palabra á concelleira e voceira do grupo municipal socialista, dona Caridad González Cerviño, que di que ten dous mocións de urxencia para presentar ao Pleno da corporación e entréganse aos membros da corporación e á secretaria xeral.

Analizada a primeira moción, debate e posterior aprobación polo Pleno procédese á votación da urxencia para poder incluíla na orde do día, a cal queda aprobada polos votos a favor do grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3), grupo municipal do BNG (2) e a abstención do grupo municipal popular (4).

A señora alcaldesa dá a palabra á concelleira do grupo municipal socialista dona Sandra Maneiro Pais para que proceda á lectura da moción que é do seguinte teor literal:

Primeira. Moción do grupo municipal socialista sobre a política do goberno galego en relación co seu financiamento aos concellos do Servizo de Axuda no Fogar

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación no ano 2006 da Lei de dependencia por parte do Goberno de España, supuxo un feito histórico na ampliación do Estado do Benestar en España e actualmente hai 1,1 millóns de persoas beneficiarias con dereito efectivo. Sen dúbida un grande avance no sistema de protección social en España.

Como dispón con carácter xeral o artigo 11 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, correspóndelle ás comunidades autónomas "xestionar no seu ámbito territorial, os servizos e recursos necesarios para a valoración a atención a dependencia".


Nomeadamente, o Servizo de Axuda no Fogar é un dos recursos de atención as persoas dependentes máis demandados, con máis de 24.000 usuarios en toda Galicia. Aínda que a competencia é da Xunta de Galicia, a súa xestión foi derivada aos concellos.

De feito, a súa xestión e financiamento vén imposto aos concellos en virtude da Lei 13/2008, de 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia e do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A achega da Xunta de Galicia ao financiamento deste servizo da súa competencia é de 9,7 euros/hora, e a dita aportación está conxelada dende o Decreto do ano 2012, permanecendo inalterada a insuficiente contía que aporta a Xunta para a xestión dunha competencia propia.

Na Orde de 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia recóllese:

Módulo económica a aplicar a achega da Xunta de Galicia será igual á diferenza entre o custo do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

sociais máis recente dispoñible, menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa Individual de Atención (PIA) de Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

En todo caso, a achega por parte da Xunta de Galicia será dun máximo de 9,7 euros por hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención de servizo.

A axuda no fogar é unha competencia impropia que asumen os concellos cando lle corresponde ás administracións autonómica e estatal. Hai que ter en conta que o prezo do salario dunha auxiliar de axuda no fogar pasou de 14 pagas de 964,15 euros en 2021 a 14 pagas de 1042,68 euros en 2021. Son os concellos quen teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Esta situación é insostible para a maioría das finanzas municipais, tendo en conta, ademais que, a menor presuposto municipal (concellos pequenos e normalmente con maior dispersión poboacional) os custos por hora vense incrementados.


Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local debería:

- 1. Instar á Xunta de Galicia a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda Fogar da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de modo que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vivente e se poida prestar este servizo coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para as e os profesionais do dito servizo.*
- 2. Trasladar ao Parlamento de Galicia o acordo adoptado por esta corporación para a seu coñecemento e efectos.*
- 3. Trasladar este acordo a Federación Galega de Municipios e provincias para o seu coñecemento e efectos.”*

Toma a palabra a alcaldesa, dona Inés Monteagudo Romero, que presenta ao pleno da corporación unha emenda verbal porque tal e como di o grupo municipal socialista a competencia tamén é estatal e parte do financiamento é do estado e como emenda sería engadir en cada punto “instar ao goberno do estado”.

Vótase incorporar a emenda do grupo municipal popular, incorporando en cada punto “instar ao goberno do estado” resultando aprobada cos votos a favor da unanimidade dos membros da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4) grupo municipal socialista (4) grupo municipal CxG (3) e grupo municipal do BNG (2)

Toma a palabra a voceira do grupo municipal do BNG que presenta tamén unha emenda que é do seguinte teor literal:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

“Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Estatal a incluír o persoal e usuarios do SAF como grupo prioritario na vacinación fronte ao COVID-19”.

Vótase incorporar a emenda do grupo municipal do BNG, resultando aprobada cos votos a favor da unanimidade dos membros da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4) grupo municipal socialista (4) grupo municipal CxG (3) e grupo municipal do BNG (2)

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación por unanimidade dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3) e grupo municipal do BNG (2) adoptan o seguinte acordo:

Moción do grupo municipal socialista sobre a política do Goberno galego en relación co seu financiamento aos concellos do Servizo de Axuda no Fogar

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación no ano 2006 da Lei de dependencia por parte do Goberno de España, supuxo un fito histórico na ampliación do Estado do Benestar en España e actualmente hai 1,1 millóns de persoas beneficiarias con dereito efectivo. Sen dúbida un grande avance no sistema de protección social en España.

Como dispón con carácter xeral o artigo 11 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, correspóndelle ás comunidades autónomas *“xestionar no seu ámbito territorial, os servizos e recursos necesarios para a valoración a atención á dependencia”*.


Nomeadamente, o Servizo de Axuda no Fogar é un dos recursos de atención ás persoas dependentes máis demandados, con máis de 24.000 usuarios en toda Galicia. Aínda que a competencia é da Xunta de Galicia, a súa xestión foi derivada aos concellos.

De feito, a súa xestión e financiamento vén imposto aos concellos en virtude da Lei 13/2008, de 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia e do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A achega da Xunta de Galicia ao financiamento deste servizo da súa competencia é de 9,7 euros/hora, e a dita achega está conxelada dende o Decreto do ano 2012, permanecendo inalterada a insuficiente contía que aporta a Xunta para a xestión dunha competencia propia.

Na Orde de 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia recóllese:

“Módulo económico a aplicar: a achega da Xunta de Galicia será igual á diferenza entre o custo do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible, menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa Individual de Atención (PIA) de Servizo de Axuda no Fogar (SAF).



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

En todo caso, a achega por parte da Xunta de Galicia será dun máximo de 9.7 euros por hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención de servizo.”

A axuda no fogar é unha competencia impropia que asumen os concellos cando lle corresponde ás administracións autonómica e estatal. Hai que ter en conta que o prezo do salario base mensual dunha auxiliar de axuda no fogar pasou de 14 pagas de 964,15 euros en 2021 a 14 pagas de 1042,68 euros en 2021. Son os concellos quen teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Esta situación é insostible para a maioría das finanzas municipais, tendo en conta, ademais que, a menor presuposto municipal (concellos pequenos e normalmente con maior dispersión poboacional) os custos por hora vense incrementados.


O Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda Fogar da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de modo que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se poida prestar este servizo coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para as e os profesionais do dito servizo.
2. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a incluír ao persoal e usuarios do SAF como grupo prioritario de vacinación fronte ao COVID-19
3. Trasladar ao Parlamento de Galicia e ao Goberno do Estado o acordo adoptado por esta corporación para o seu coñecemento e efectos.
4. Trasladar este acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias para o seu coñecemento e efectos

Segunda. Moción do grupo municipal socialista demandando un incremento das achegas ao servizo de axuda no fogar

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, dona Caridad González Cerviño, para dicir que a urxencia vén motivada polo mesmo motivo ca a anterior, que esta semana iniciáronse as negociacións de cales serían as achegas de cada institución e di que todo o relacionado co COVID-19 e a situación actual é urxente.

Intervén a voceira do grupo municipal CXG, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que o punto un que se acaba de aprobar é idéntico, senón se equivoca, ao punto dous desta, e entende que o que se faría aprobando esta moción é engadir o punto primeiro e di que como no punto anterior, ela propón que si se inste á Xunta de Galicia se inste tamén ao Estado. Di que o SAF é prioritario neste momento da pandemia e toda a



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

axuda que se lle poida prestar vai a ser pouca e entende que o que se engade nesta moción é engadir o copago dos usuarios xa que todo o demais está incluída xa na primeira moción. Contéstalle a señora voceira do grupo municipal socialista que é así.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, dona María Lago Lestón, para dicir que a situación obrígalles a tomar decisións urxentes e non se van a opoñer a debater esta moción.

Analizada a segunda moción presentada polo grupo municipal socialista, debate e posterior aprobación polo Pleno procédese á votación da urxencia para poder incluíla na orde do día, a cal queda aprobada polos votos a favor do grupo municipal socialista, (4), grupo municipal CxG (3), grupo municipal do BNG (2) e a abstención do grupo municipal popular (4).


A moción de urxencia é do seguinte teor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

0 Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo integral, polivalente e comunitario, orientado as persoas e/ou familiares que presenten problemas para a realización das actividades da vida cotiá, proporcionándolles atención directa no propio domicilio mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu contorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional. En definitiva, unha prestación básica de atención a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

A loita contra a pandemia do COVID-19, requiriu dos concellos a intensificación e a realización de novas tarefas, nomeadamente no eido dos servizos sociais municipais, onde se implementaron todo tipo de medidas extraordinarias: reparto de comida, medicación, deberes escolares ou fogares, incremento da asistencia a domicilio e das axudas para cubrir necesidades básicas e a posta en funcionamento de medidas e dispositivos de axuda a persoas sen fogar.

0 impacto da pandemia foi e está sendo especialmente forte nas persoas máis vulnerables por mor da letalidade en persoas maiores ou con patoloxías previas, e os efectos devastadores do illamento en persoas con unha precaria rede de apoio. Para isto os concellos tiveron que incrementar e garantir as servizos esenciais habituais e dar resposta en paralelo as problemáticas xurdidas pola pandemia, como foron as distintas situacións de necesidade froito do peche dos centros de día, sociocomunitarios, ocupacionais, escolas infantís, puntos de atención a infancia, ludotecas ou residencias de tempo libre. Os concellos tiveron que reaccionar fronte a nova demanda e seguir mantendo os seus servizos habituais, organizando recursos humanos e materias para non deixar a ninguén no camiño. A excepcionalidade da situación levou unha reconfiguración das prestacións habituais para poder dar resposta ao aumento da demanda e as novas circunstancias.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

No pasado mes de abril, a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para dar resposta as situacións de emerxencia durante o tempo da alerta sanitaria provocada polo COVID-19. En concreto se informaba de que se incrementarían as horas mensuais aos concellos para o coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais, e unha maior aportación económica ao mesmo. Asemade a administración autonómica comprometeuse a asumir o copago dos usuarios da dependencia no SAF ordinario. Con posterioridade no mes de novembro a Xunta de Galicia anuncia a retirada deste servizo extraordinario aos usuarios dependentes que por mor da situación epidemiolóxica estaban a percibir.

A presión sobre os servizos sociais municipais foi e está a ser xeneralizada . Un dos maiores gastos locais para a maioría dos concellos galegos é o custo que supón o SAF pola ausencia de actualización da cota que a Xunta debe aportar a este servizo público esencial para a cidadanía. Polo tanto considerase urxente que o Goberno da Xunta de Galicia asuma o copago do total dos usuarios do SAF ordinario en Galicia neste contexto de crise sanitaria; así coma incrementar a aportación que fai a administración autonómica.

Dada que as administracións locais non foron quen de recibir ningún fondo extraordinario para enfrontar a pandemia e que cada concello fixo fronte aos seus sobre custos en función da súa musculatura económica e organizativa, e dado os prexuízos que esta situación extraordinaria está a provocar nas arcas municipais, e polo que instamos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:


- 1. O Pleno do Concello de MUROS, en base as competencias en servizos sociais que corresponden á administración autonómica, insta á Xunta de Galicia a incrementar as achegas para cubrir os custos do Servizo de Axuda no Fogar ordinario así como que se proceda a eliminación do copago dos usuarios, que será asumido pola Administración Autonómica.*
- 2. Que a Xunta de Galicia incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar que é da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de xeito que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se preste este servizo público esencial coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para os/as profesionais deste servizo.*
- 3. Dar traslado do acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia”*

Intervén a señora alcaldesa para dicir que o grupo municipal popular presenta unha emenda na que di que en todos os puntos se engada” instar ao Goberno do Estado.”

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, dona Caridad González Cerviño, para dicir que lle parece ben requirir tamén ao estado.

Procédese a votar a incorporación da emenda verbal presentada polo grupo municipal popular que consiste en engadir en todos os puntos da moción “instar ao Goberno do Estado” quedando incluída a emenda cos votos a favor da unanimidade dos membros da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4) grupo municipal socialista (4) grupo municipal CxG (3) e grupo municipal do BNG (2)

Procédese a debater a moción de urxencia coa emenda engadida.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, a Sra. González, que di que o que se pretende coa moción é que se incrementen as achegas neste momento de pandemia, e en concreto que se eliminen os copagos dos/as usuarios/as entre tanto dure esta situación.

Intervén a señora alcaldesa para dicir que entende que se refire aos de dependencia, non os de libre concorrência, porque onde pon ordinario debe dicir dependencia.

Intervén a voceira do grupo municipal CxG, a Sra. Alfonso, para dicir que foi unha pena non empezar por esta moción, porque incluía a outra e aforraban facer o mesmo dúas veces e parécelle que todo o que sexa pedir para o SAF e dependencia vai a ser pouco.

Intervén polo grupo municipal do BNG, a Sra. Lago, que eles van apoiar a moción.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación por unanimidade dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3) e grupo municipal do BNG (2) adoptan o seguinte acordo:


Moción do grupo municipal socialista demandando un incremento das achegas ao servizo de axuda no fogar

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo integral, polivalente e comunitario, orientado as persoas e/ou familiares que presenten problemas para a realización das actividades da vida cotiá, proporcionándolles atención directa no propio domicilio mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu contorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional. En definitiva, unha prestación básica de atención a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

A loita contra a pandemia do COVID-19, requiriu dos concellos a intensificación e a realización de novas tarefas, nomeadamente no eido dos servizos sociais municipais, onde se implantaron todo tipo de medidas extraordinarias: reparto de comida, medicación, deberes escolares ou fogares, incremento da asistencia a domicilio e das axudas para cubrir necesidades básicas e a posta en funcionamento de medidas e dispositivos de axuda a persoas sen fogar.

O impacto da pandemia foi e está sendo especialmente forte nas persoas máis vulnerables por mor da letalidade en persoas maiores ou con patoloxías previas, e os efectos devastadores do illamento en persoas con unha precaria rede de apoio. Para isto os concellos tiveron que incrementar e garantir as servizos esenciais habituais e dar resposta en paralelo as problemáticas xurdidas pola pandemia, como foron as distintas situacións de necesidade froito do peche dos centros de día, sociocomunitarios, ocupacionais, escolas infantís, puntos de atención a infancia, ludotecas ou residencias de tempo libre. Os concellos tiveron que reaccionar fronte a nova demanda e seguir mantendo os seus servizos habituais, organizando recursos humanos e materias para non deixar a ninguén no camiño. A excepcionalidade da situación levou unha



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

reconfiguración das prestacións habituais para poder dar resposta ao aumento da demanda e as novas circunstancias.

No pasado mes de abril, a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para dar resposta as situacións de emerxencia durante o tempo da alerta sanitaria provocada polo COVID-19. En concreto se informaba de que se incrementarían as horas mensuais aos concellos para o coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais, e unha maior aportación económica ao mesmo. Asemade a administración autonómica comprometeuse a asumir o copago dos usuarios da dependencia no SAF ordinario. Con posterioridade no mes de novembro a Xunta de Galicia anuncia a retirada deste servizo extraordinario aos usuarios dependentes que por mor da situación epidemiolóxica estaban a percibir.

A presión sobre os servizos sociais municipais foi e está a ser xeneralizada. Un dos maiores gastos locais para a maioría dos concellos galegos é o custo que supón o SAF pola ausencia de actualización da cota que a Xunta debe aportar a este servizo público esencial para a cidadanía. Polo tanto considerase urxente que o Goberno da Xunta de Galicia asuma o copago do total dos usuarios do SAF ordinario en Galicia neste contexto de crise sanitaria; así coma incrementar a aportación que fai a administración autonómica.

Dada que as administracións locais non foron quen de recibir ningún fondo extraordinario para afrontar a pandemia e que cada concello fixo fronte aos seus sobrecostos en función da súa musculatura económica e organizativa, e dado os prexuízos que esta situación extraordinaria está a provocar nas arcas municipais, e polo que instamos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:


1. O Pleno do Concello de Muros, en base ás competencias en servizos sociais que corresponden á administración autonómica e estatal, insta á Xunta de Galicia e ao goberno do estado a incrementar as achegas para cubrir os custos do Servizo de Axuda no Fogar dependente así como que se proceda a eliminación do copago dos usuarios, que será asumido pola Administración Autonómica e estatal
2. Que a Xunta de Galicia e o goberno do estado incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar que é da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de xeito que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se preste este servizo público esencial coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para os/as profesionais deste servizo.
3. Dar traslado do acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e ao Goberno estatal.

Moción de urxencia presentada polo grupo municipal do BNG:

Faise entrega aos membros da corporación e á secretaria da moción de urxencia presentada polo grupo municipal do BNG que é do seguinte teor literal:

“AO PLENO DO CONCELLO DE MUROS

María Lago Lestón en nome e representación do grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) proponlle ao Pleno da Corporación Municipal a aprobación da seguinte moción.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A creación e promoción de emprego representa unha das principais necesidades no noso concello, que día tras día ve como o emprendemento laboral e a creación de empresas locais presenta enormes dificultades.

Baixo este marco, o goberno do BNG, durante o período 2007-2011 elaborou o proxecto dun viveiro de empresas no parque industrial do noso concello, para o cal incluso se conseguiu financiación. O cambio no goberno municipal do ano 2011 levou a non execución de este proxecto necesario e pioneiro por aquel entón.

O pasado 8 de xaneiro de 2021, o DOG publica as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas a creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021. O prazo para optar a estas axudas é de un mes dende a súa publicación. No concello de Muros temos a sorte de contar con un proxecto xa elaborado e recuperable e un espazo adecuado para a creación do Viveiro de Empresas adecuado e que se adapta a convocatoria feita pola Xunta de Galicia. A necesidade de medidas que fomenten a creación de emprego é unha realidade.

Por todo isto, dende o BNG propoñemos o seguinte:


ACORDO

1. Instar ao goberno municipal a recuperar o proxecto do Viveiro de empresas elaborado polo goberno do BNG e adaptalo a ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas a creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021”

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. Lago, que explica a urxencia para dicir que eles presentaron esta moción a mediados de mes para ser incluída nos asuntos a tratar polo Pleno e di que non se aceptou. Entenden que por un defecto de forma, polo que cambiaron o punto, e fórmulase como instar ao goberno municipal, en lugar de tomar directamente o acordo, e a urxencia está determinada porque remata o prazo para solicitar a subvención antes do próximo pleno.

Pregunta a señora voceira do grupo municipal socialista, a Sra. Caridad González, cando remata o prazo, ao que lle contesta a señora alcaldesa que cre que o 5 o 9 de febreiro e a Sra. Lago di que a mediados de mes, antes do próximo pleno que non se acorda xusto do día.

Intervén a señora secretaria da corporación, dona María Ofir Aboy García, que explica que este tipo de mocións son denominadas mocións de carácter político e que se podería debater, pero a votación non ten efectos resolutivos porque a competencia pertence á Alcaldía e non ao Pleno da corporación.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, dona Caridad González, para dicir que entón o acordo non tería efecto vinculante e manifesta que non ten tan claro o que di a secretaria e que o Pleno é soberano.

Procédese a votar a inclusión da orde do día da moción de urxencia presentada cos votos a favor do grupo municipal CxG (3) e o grupo municipal do BNG (2), a abstención do grupo municipal socialista (4) e os votos en contra do grupo municipal popular (4).

Ao non conseguir a maioría absoluta do número legal de membros da corporación de acordo co disposto no artigo 83 do ROF non se procede a súa inclusión na orde do día por non conseguir a maioría suficiente para a ratificación da urxencia.

A. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Quinto. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1388 ata 1587 correspondentes ao ano 2020 e Resolucións núm. 1 ata 85 correspondentes ao ano 2021, das Xuntas de Goberno Local núm. 18 do 13 de novembro de 2020, núm. 19 do 27 de novembro de 2020, núm. 20 do 2 de decembro de 2020, núm. 21 do 11 de decembro de 2020, núm. 22 do 21 de decembro de 2020 e núm. 1 do 8 de xaneiro de 2021 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Sexto. Rogos e preguntas

Contestación dos rogos e preguntas do grupo municipal socialista presentadas no pleno anterior:


Intervén a Sra. alcaldesa contestando a un rogo feito pola voceira do grupo municipal socialista, a Sra. González, sobre o amaño de camiños, en Tras da Costa e en Louro, a baixada de Cruz da Pedra e a do Sahorta. Di que están elaborando os proxectos de reparación destes camiños coa idea de, se o considera así a corporación, de incluílos no POS complementario.

Sobre o rogo sobre a certificación de Compromiso por Galicia que se achegou pola súa voceira.

Intervén a Sra. González preguntando se está contestado a ese rogo, ao que a Sra. alcaldesa responde que si, que se presentou un certificado.

Continúa a señora alcaldesa sobre o orzamento, di que está practicamente rematada a proposta, e di que preguntou pola Mancomunidade de Augas e contesta que de momento seguen sen noticias da presidencia e que faranlle un requirimento porque acabou o ano e consideran que hai que tomar algunha medida.

Contestación de rogos e preguntas do grupo municipal do BNG presentadas no pleno anterior:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

A Sra. Lago presentara unha moción sobre o viveiro de empresas na que solicitaba recuperar o proxecto de viveiro elaborado polo goberno do BNG e adaptalo á orde pola que se establecen as bases reguladoras ás subvencións para parques empresariais. Di que segundo o informe de Secretaría, trataríase dun rogo, que buscaron nos arquivos do Concello ese proxecto e o certo é que o que encontraron foi unha resolución do Ministerio de Industria do ano 2013 denegatoria dunha actuación denominada “Creación dun viveiro de empresas, segunda fase” que ten unha memoria na que fala de que houbo unha primeira fase desenvolvida no ano 2010 na que se procedeu a adquirir a superficie para a construción do viveiro, e unha segunda fase que consistiría na elaboración dun proxecto de execución, adxudicación, construción, adquisición de mobiliario, publicidade, etc. Hai ademais un expediente de reintegro dunha subvención do Ministerio de Industria respecto iso. Aparece tamén unha solicitude de subvención ao GDR DELOA, do ano 2014. Posteriormente, unha desistencia desa solicitude e de momento non foron capaces de encontrar ese proxecto ao que fixo referencia, aínda que a arquiteira municipal segue buscando. A documentación que había no expediente que se denomina “Viveiro de empresas” que pode ser pola data que ela fai referencia son copias dos documentos do Ministerio de como había que facer a solicitude. Di que non hai ningún proxecto físico pero que seguen buscando.


A Sra. alcaldesa contesta ao rogo que lle fixeron de que se dera cumprimento o Decreto 544 e di que xa o fixeron, tamén contesta ao rogo de mirar pola zona de Portugalete e di que como xa lle notificaron na xunta de voceiras que están traballando nun proxecto para derrubar a vella escola e facer un aparcamento, que se a corporación o considera, que o tratarán de incluír no POS complementario.

Di que rogo que se mirara polo camiño de Tras da Costa, coincidindo coa portavoz socialista, que xa lle contestou a ela e a resposta é a mesma.

Preguntou polos ingresos do canon da auga nos últimos 10 anos, di que fai falta facer máis pescudas, xa que non consta ningún.

Preguntou polos gastos da Volta, gastos derivados da organización do evento polo que se recorreu a provedores externos como animación, flores e demais. Se fora xestionado polo concello ou pola organización, e en caso de ser o concello quen o xestionou, que criterios se seguiron para ese tipo de contratacións.

Contesta a Sra. alcaldesa que a organización do evento non foi a conta do Concello, nin se contratou ningunha animación, nin flores para a Volta. Os gastos nos que incorreu o Concello especificamente con motivo deste evento foron a contratación dun reforzo de vallas polas circunstancias de todos coñecidas, para reforzar as que traían a propia organización, uns xeradores eléctricos e o espazo portuario cun montante que non chega aos 5.000 euros, entre 4.500 e 5.000, di que non sabe a cifra exacta. Os amaños florais que se puxeron no balcón e na entrada da casa da concello custaron 500 euros e a subministración xestionouse



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

cunha empresa da comarca. Di que aproveita para dar as cifras de difusión deste evento que tivo cobertura en 190 países, sesenta e dúas horas en directo no sinal internacional, un millón e medio de espectadores de media e dous millón catrocentos mil nun pico de audiencia, un millón douscentos mil seguidores en redes sociais e dous millóns e medio de visitantes na web.

Tamén rogo que se sinalizaran as paradas de bus, contéstalle que como ela ben sabe, acondicionouse a parada de bus da avenida de Castelao, un acordo plenario ao que a corporación anterior non dou cumprimento como outros tantos, e que eles si executaron colocando ademais unha marquesiña. Di que tamén se colocaron marquesiñas na parada de bus escolar na Abelleira, renováronse as da parada de bus escolar no colexio en Esteiro, colocouse unha nova no instituto de Muros, e amañaron e estanse amañando o resto. A parada de Xantoque, pola que ela preguntou, está sinalizada con cartelaría vertical. Tamén rogo que arranxo das lousas da rúa Real, e di que o atenderán en canto poidan, e tamén preguntou polo tipo de licenza dos locais da Ribeira do Maio 40. Contesta que as licenzas están referenciadas polo seu titular, non polo enderezo do local, dilles que elas saben que dende mediados do século pasado hai un establecemento de hostalería que supoñen que, dada a súa antigüidade, tería varios titulares, polo que lle rogaría que concretasen a pregunta. Di que preguntou tamén polos orzamentos e que está xa contestado.

Rogos e preguntas do grupo municipal socialista nesta sesión do pleno:

A voceira do grupo municipal socialista, a Sra. González, di que eles non van facer preguntas debido á hora.


Rogos e preguntas do grupo municipal CxG nesta sesión do pleno:

A voceira do grupo municipal CXG comeza a súa intervención dicindo que na Xunta de Goberno Local do 2 de decembro o grupo de goberno aproba modificar o proxecto do Cine París, e querían saber en que consiste a modificación. Se é a modificación consecuencia de que caera o tellado ou é algunha outra modificación.

Pregunta cal é a situación das colonias felinas no concello, sobre todo no casco. Di que se estaban facendo campañas de control destas colonias e querían saber se se segue facendo algún tipo de control e como.

Pregunta pola elaboración da RPT, como vai. Polo parque infantil ao lado da unitaria de Tal. Hai moitos meses que lle dixo que o arcebispado lle dixera que non había problema para dispoñer do terreo que hai ao lado da unitaria.

Pregunta polo Decreto 1433/2020 sobre o arranxo de Portugaleta e A Tremenda, que querían saber en que consistiu ese arranxo. Di que neste decreto aproba a factura, ordena o pagamento e a súa realización, entón, gustaríaalles saber en que consistiu.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Di que na xunta de portavoces do outro día, a alcaldesa comentoulles que o pleno probablemente de aprobación do POS sería o día 4, e que lles fixo unhas propostas e como non saben cando vai ser a seguinte reunión, pregunta se vai ser con tempo para poder facelo ou non, e como alí falou de proxectos que xa estaban feitos, querían rogarlle que mire e teña en conta ademais do proxecto do parque empresarial que lles comentou, que lles parece unha boa obra e que é necesaria facer como comentaba ela na xunta de portavoces, a eles gustaríalle que tiveran en conta proxectos que xa están feitos como o arranxo do teito do pavillón de Esteiro, que foi nun complementario e non se chegara a facer, e é un proxecto que está feito de cerca de 65.000 euros. O da unitaria de Portugalete que lles comentaba, ela aproveita para comentarlle que lles parece ben. Hai un proxecto tamén feito para un camiño de Miraflores vindo por Taxes. Eles miraran iso e fixeran ese proxecto porque para arranxar o único camiño de acceso a Miraflores, e que non quedara toda esa xente que vive incomunicada, tiña que ter outra vía de poder entrar e saír, co cal no seu día presentarán ese proxecto a unha subvención e non foi concedido. Di que é un proxecto que está feito, que está no concello.


E por último, querían rogarlle que o proxecto que comentaron na xunta de portavoces, esas beiravías que comunican Tal coa Abelleira, que lles parece moi necesarias e importantísimas polo perigo que corren todas as persoas que pasean por aí, que é unha zona sen beirarrúas, sen beiravías e sen iluminación. Di que este proxecto para este POS está claro que é imposible que vaia, pero que lle gustaría que se formule ir facendo o proxecto para que poida ir incluído no próximo POS.

Rogos e preguntas do grupo municipal do BNG nesta sesión do pleno:

Intervén a voceira do grupo BNG, a Sra. Lago, dicindo que no pasado mes de setembro o Pleno aprobou instar á Xunta para que se retome a sanidade pública presencial ao ser un servizo suspenso, pregunta se se dou traslado á Xunta deste acordo. De non ser así, rogan que fagan efectivo o decidido pola corporación municipal e insten á Xunta dende o Concello a que se retomem as consultas presenciais.

Tamén di que en xaneiro de 2020 o Pleno aprobou unha moción tamén por iniciativa do BNG sobre a problemática asociada aos xogos de azar e ás apostas, pregunta que actividades levou a cabo o goberno municipal para dar cumprimento a este acordo. Di que esta moción acordaba instar á Xunta, entre outras cousas, á creación dun posto de atención ás adicións no noso concello. O escenario provocado pola COVID-19 está a agravar a situación das persoas adictas, pregunta se se fixo algunha xestión neste sentido.

No mes de setembro, tamén á iniciativa do BNG, o Pleno aprobou unha proposta de acordo sobre o protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-2021, pregunta se se lle dou traslado á Xunta.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

No mes de outubro o Pleno aprobou tamén, por proposta do BNG, a instar o goberno central e a Xunta a manter as oficinas do ISM de Muros, pregunta se se cumpriu co acordo plenario.

Pregunta tamén se hai coñecemento dende o Concello de cando se empezará a vacinación fronte a COVID-19 do persoal do SAF, rogan, que xa se incluíu na moción do PSOE, que insten á Xunta a incluír a estas persoas como grupo prioritario pola vulnerabilidade e exposición á enfermidade que teñen.

Pregunta tamén se fixo o actual goberno algunha xestión para mover o poste da baixada de Ventín na Abelleira.

Pregunta cantos parques eólicos hai no concello de Muros e cal é o canon que aportaron nos anos 2019 e 2020 ás arcas municipais. Pregunta a que se destinou ese canon nos últimos 5 anos. Rogan que se teña en consideración mellorar as luminarias para o ano 2021 que se ben son deficientes en moitas zonas do municipio, no tramo que vai dende a Tremenda ata a saída da vila cara a Louro, supoñen un perigo do que xa tiveron que lamentar vítimas.

Pregunta tamén se o Concello de Muros pagou algunha contía a algún medio de comunicación no ano 2020, de ser así a que medios de comunicación, que cantidade e en concepto de que.


Pregunta por que a páxina do facebook do Concello de Muros comparte novas de empresas privadas de comunicación como La Voz de Galicia, El Correo Gallego e non de fontes oficiais como a propia da Xunta de Galicia para informar sobre a COVID-19, que persoas ou cargos xestionan esta páxina.

Pregunta en que situación se atopan os proxectos de rehabilitación do campo de fútbol Eleuterio Balayo, dado que este proxecto vén promovido en parte pola Federación Galega de Fútbol, preocúpalles que o máximo responsable desa entidade, ex presidente da Deputación de Pontevedra e ex alcalde de Ribadumia, vén de sentarse no banco de acusados por fraude e prevaricación nas obras dun campo de fútbol en Moraña entre outras cousas.

Pregunta se hai algún avance no estado da mellora no sinal de televisión de Torea e Abelleira dende que o Pleno aprobou o acordo que tiveron.

Pregunta en que situación se atopa o saneamento na parroquia de Tal, porque non está funcionando.

Di que na recta de Creo, xunto ao supermercado, máis concretamente, hai unha caixa de subministración colocada na beirarrúa. Pola situación na que está colocada fai que non poida pasar unha cadeira de rodas ou un carriño de bebé (interrompe a alcaldesa preguntando de que é a caixa e contestan que é de Telefónica). Rogan que fagan os trámites precisos para mover esa caixa, di que un metro máis alá a beirarrúa é máis



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ancha e que se podería mellorar a situación. Di que o mesmo problema sucede na Abelleira e en Serres coa colocación dos farois e postos de luz no medio da beirarrúa. Rogan que fagan os trámites precisos para poder facilitar a circulación.

Sigue dicindo que o pasado 25 de xaneiro publicáronse nas redes sociais do concello a normativa a seguir en toda Galicia para frear o ascenso de contaxios pola COVID-19. Esta publicación fíxose en castelán. Rogan que o concello asuma o seu compromiso institucional de difundir e empregar a lingua propia de Galicia, o galego en todas as súas comunicacións nas diferentes redes sociais.

Pregunta por último se hai algún avance nos orzamentos do 2021, lémbrenlle á alcaldesa que ela aseguraba ter capacidade para elaborar e aprobar uns orzamentos. Dille que remataron 2019 e 2020 e aínda non teñen propostas máis aló do traballo de Intervención.

Remata a Sra. alcaldesa dicindo que os rogos atenderanos na medida en que poidan, e as preguntas quedan para o próximo pleno.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte nove horas e cincuenta minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral

Documento asinado electronicamente